

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Blanca Cendán, directora

Liñas programáticas:

- O Centro Dramático Galego (CDG) concentrará a súa actividade na súa posta a disposición respecto aos dous eixos fundamentais para o feito escénico en Galicia: o teatro galego en xeral e o público.
- O CDG será o máximo garante para que o teatro galego ocupe un lugar importante na vida das persoas, tanto os profesionais coma os espectadores.
- Dentro do contexto xeral de crise, cómpre máis ca nunca fornecer ao teatro galego da financiamento suficiente, para o que se traballará en acadar o apoio económico tanto das institucións públicas coma dos inversores privados.
- Todas as liñas de traballo serán desenvolvidas con rigor, entusiasmo, diálogo, imaxinación e constancia. Manteranse algunhas das dinámicas que xa están asentadas, pero ao tempo apostarase por outras novas, máis innovadoras e en consonancia coa época actual que vive o teatro galego, unha das máis variadas e ricas da historia.
- O repertorio do CDG abrirase a dous xéneros até agora inexistentes ou escasamente contemplados no teatro institucional galego: o teatro musical e o teatro de rúa, este último en íntima conexión coas novas liñas de captación público que se porán en marcha.
- O teatro contemporáneo terá un lugar destacado; e virá da man tanto dos novos/as autores/as coma dos novos/as directores/as. A súa presenza no CDG será compartida coas obras dos nosos dramaturgos clásicos e universais.
- Continuar e enriquecer a liña de produción propia. Neste apartado, a produción que abrirá a nova temporada 2010-2011 será "Salomé", de Óscar Wilde.
- Na dirección dos espectáculos contarase cos profesionais galegos; e convidarase tamén á participación de directores/as de recoñecida traxectoria do ámbito estatal e internacional.

- Potenciarase o sistema de coproducións, incrementando as dotacións para cada proxecto e aumentando os ciclos de distribución fóra de Galicia. A asunción de propostas escénicas baixo o selo do CDG implicará niveis de maior calidade e de excelencia artística.
- Apostarse polo fomento do traballo dende a base; isto é, estreitar as liñas de colaboración coas escolas e centros de formación que existen en Galicia en todas as disciplinas escénicas: teatro, danza, circo, *performance*...
- Apoiarase a formación dos presentes e futuros profesionais do teatro con programas pedagóxicos variados e específicos. Neste apartado farase especial fincapé na optimización de recursos, mediante a programación de actividades formativas asociadas ás producións ou en coincidencia coa visita a Galicia de mestres ou profesionais destacados da escena a nivel internacional.
- Reorganizarase a figura de Dirección do CDG para fuxir de personalismos. A este fin, configurarase un consello de asesores como órgano consultivo, ao que serán convidados representantes dos distintos eidos teatrais e tamén doutros sectores da cultura.